



**O CONCELLO DE NIGRÁN ABRE DE NOVO O PRAZO DE INSCRICIÓN
PARA PARTICIPAR NO DESFILE DE ENTROIDO**

Nigrán, 15/02/16.- O Concello de Nigrán abre de novo o prazo de inscrición para participar no desfile de comparsas de Entroido que se celebra este venres, a partir das 21.30 horas no centro do municipio. As organizacións que se anoten nesta última convocatoria formarán parte da comitiva pero non poderán optar aos premios. Para inscribirse deben acudir ao Rexistro do consistorio entre mañá e o mércores (inclusive).